



DE TI E MAILO MUNDO QUE APAÑES

XAROPE TULÚ



Xarope Tulu

A Compañía

Xarope Tulu é unha compañía comprometida coas linguaxes escénicas dirixidas á infancia e á mocidade, que convida a viaxar por mundos singulares.

Fundada no ano 2015 pola actriz Atenea García e o músico Nicolás Zamorano, as súas propostas intentan achegar entre si as diferentes linguaxes escénicas: a narración oral, o teatro de obxectos, a interpretación actoral e a música. Ademais as súas montaxes intentan non aferrarse a un único estilo interpretativo; facilitando o descubrimento doutros mundos posibles e a creación dun espazo para a reflexión.

Na actualidade a compañía conta con diversos espectáculos en cartel como Rilla-Rilla, Nómades ou Arrieira entre outros.

A proposta

De ti e mailo mundo que apañes pretende ser un humilde percorrido pola obra da poeta, tradutora e editora Xela Arias, un percorrido que nada ten de cronolóxico pero moito de persoal, co que a nós se refire.

Revoltas pola palabra achegámonos excitadas á súa obra, posuídas por esa escrita extrema que remove pel e ósos.


Aparece entón a dúbida, o medo ao non estar á altura de semellante extremidade, a de Xela, a dos extremos. Pero nese xusto momento o poema tranquilízanos:

*Realízate
no traballo
e acouga
a intención
da sabotaxe.*

*Pois a relixión destroza
Principio preciso e libertario.*

Intempériome (2003)





Como non facer un espectáculo escénico partindo da poeta que *se rebelou contra a concepción do libro coma un cadáver morto no anaquel?*.

Desfixémonos por fin do medo e decidimos embarcarnos neste camiño, incluíndo o inesperado na búsqueda.

Porque non contar da nena poeta que só tiña ollos?. Contar aquel conto da bruxa que escribiu con once anos, falar se cadra das dúbidas, do percorrido; a fin de contas

que máis me ten que a min me entendas

Por suposto sen esquecer buscarnos

negra, si negra, negra e afectada.

Sen esquecer que

Cada escrita é auto

Son eu

Que cuestiono amo bico plantexo e replantexo

E así pouco a pouco fomos xuntando palabras, imaxes, anacos de Xela coma se dun crebacabezas se tratara, formando a nosa humilde, e non por humilde menos válida visión da súa obra.

Tal vez porque vou rematar sentada no bídalo vello
fiando secretos cos paxaros

Sinopse

De ti e mailo mundo que apañes é un espectáculo dirixido á mocidade que combina a narración oral con outras linguaxes escénicas. Esta proposta tenta facer un breve percorrido pola obra da poeta Xela Arias, sumerxíndonos tanto na súa poesía como na súa breve pero interesante obra narrativa. Xela, a poeta que ten máis de actual que de histórica.

A poesía sempre é temeridade, incendio.

Xela Arias

Disparadores

A continuación adxuntamos unha pequena escolma de textos que serviron como disparadores deste espectáculo:

Achégate a min

Perdón, que é unha autopoética?

Cada escrita é auto

Son eu

Que cuestiono amo bico plantexo e replantexo

Por verme

Saír e perderme

Un obxectivo!

Achégame a ti

IV Festival da poesía do Condado (1984)





*Xa non teño fala.
Despois de recorta-los verbos quedei sen lingua
á que atender.
A nosa inmensidade remata nun centímetro á redonda.
Non fales comigo,
deixei á posta o código
nas escaleiras da entrada ás casas.*

*Recortei, coma quen non o quere, os ámbitos.
Case me perdo, meu, entre os paseantes.
Así que, recortei os ámbitos.
Agora teño o idioma inclinado nas entrañas.
E perdín para botalo fóra todo interese.
Que máis me ten que a min me entendas?*

Tigres coma cabalos, 1990

*Busco o modo d te acompañar sen estorbo,
que sexas ó meu carón feliz e creador
de ti,
de ti e mailo mundo que apañes.*

Darío a Diario, 1996



DATOS TÉCNICOS

Creación e interpretación: Atenea García

Deseño gráfico e utilería: Nicolás Zamorano

Idioma: Galego

Duración: 45 min.

Público: Persoas a partir dos 12 anos.

Campaña escolar: Ed. Secundaria

Necesidades técnicas: Toma de corrente 220 w

Espazo mínimo 2x3m

Sei que só podo escribir desde muller,
desde miope e desde galega.

Xela Arias

